

PORTOSANTO

Roteiro polos espazos reais e imaxinarios de **Rodrigo Costoya en *Portosanto***

Pontevedra, 29 de xaneiro de 2022 - Código en profe:
G2103007



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22



Rodrigo Costoya Santos

Licenciado e doutorando en INEF, tempo no que publica *Baloncesto: metodología en el rendimiento* (2002). Na súa etapa universitaria participa en proxectos relacionados co mundo do deporte, sendo primeiro adestrador do equipo de baloncesto en cadeira de rodas do Club NÓS de Culleredo. Posteriormente foi preparador físico do Club Rosalía (Liga LEB2) e CAB Obradoiro (Liga ACB). Alén diso, foi director do CPI dos Dices durante 8 anos, ata o ano 2016, momento no que decide empezar a escribir e desenvolver a súa faceta literaria. No ano 2017 publica *Portosanto* (traducida ao castelán en 2019 e publicada en setembro de 2021, Editorial Pàmies). En 2018, *El custodio de los libros* (segunda novela da triloxía) queda finalista no Premio Torrente Ballester. Xa traducida ao castelán gaña o IX Premio de Novela Histórica Ciudad de Úbeda na súa edición de 2020. É publicada en galego co título orixinal de *Misarela* en novembro de 2021 (Editorial Galaxia). A terceira novela da triloxía será publicada en 2022.

Índice

Punto 1 – Portosanto	03
Punto 2 – Casa da Cruz	05
Punto 3 – Río Lérez	07
Punto 4 – Moureira	10
Punto 5 – Porto de Pontevedra	15
Punto 6 – Praza da Verdura	17
Punto 7 – Casa de Gwened	20
Punto 8 – Asemblea de mareantes	22
Punto 9 – Sala de xustiza	25
Punto 10 – Calabozo	27
Punto 11 – Cadafalso	28
Punto 12 – Santa María	29
Punto 13 – Fortaleza de Soutomaioir	33
Punto 14 – Salvaterra de Miño	37
Punto 15 – San Domingos de Tui	42
Punto 16 – Baiona	44

Punto 1 - Portosanto



Portosanto (tamén grafado como Porto Santo) é unha parroquia de San Salvador de Poio (Pontevedra), onde se atopan as ruínas da denominada Casa natal de Cristóbal Colón ou Casa da Cruz.

Texto 1



Único retrato de Cristóbal Colón pintado mentres vivía (ca. 1500?) por Pedro Berruguete (1450-1504).

Os días pasan devagar en Portosanto.

Uns rapaces apañan leña e outros levan a pacer as vacas. Hai mulleres que lavan no regato, nenas que enchen sellas na fonte e hai tamén homes que van ao mar en lanchas pesqueiras.

No fondo da aldea, na beiramar, hai un peirao. Un abrigo de chan areoso onde varan as barcas de cores. Río arriba está o camiño da vila, que entre freixos e salgueiros leva en menos de media legua a Pontevedra, atravesando a ponte vella. Alí comeza a ría, que pasa por debaixo da ponte sendo río de auga doce e que se abre ao mar coa illa de Tambo no medio e medio, e a de Ons xusto na

boca pola banda do solpor.

Este confín do mundo pertence ao antigo reino de Galicia e está baixo o dominio da coroa de Castela. Aquí, nas terras que fan fronteira con Portugal, o señor de Soutomaior goberna lonxe dos conflitos que asolan o vello continente.

Este é o lugar e este é o tempo que lle tocou vivir a Pedriño, o cativo que naceu condenado ao exilio pola súa propia familia. O fidalgo bastardo que naceu atado a un curioso destino.

Estender a luz.

Cambiar o mundo para sempre.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 17

Texto 2

(...) A aldea era pequena, apenas dez casas rodeadas de campos nos que pacían ovellas e vacas. Casas de familias que vivían de labrar as terras e de criar animais.


Algúns homes da aldea ían ao mar. Eran mareantes, e tiñan unha barca pequena coa que saían á ría.

Entre as casiñas de Portosanto, os campos sucados de regatos que as rodeaban e o peirao pasaba os días Pedriño xogando cos outros rapaces, falando coas mulleres que lavaban a roupa e acompañando aos homes no seu traballo. Os veciños rían coas cousas daquel neno de familia rica que botaba os días na rúa. Aqueles foron días de erguerse cedo para ir ver saír as lanchas ao amencer, de botar a mañán axudando aos veciños nas leiras e as tardes de conversa cos mareantes retornados da xornada de pesca.

Unha vida sinxela que axiña se había ver interrompida.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 19

Punto 2 - Casa da Cruz



A casa museo de Colón aséntase sobre as ruínas da **Casa da Cruz**¹ no lugar de Portosanto, na desembocadura do río Lérez e fronte aos astaleiros onde se cre que foi construída a Nao Santa María (a Gallega) que formou parte da expedición do descubrimento de América.

Texto 3

II

— Constanza, onde vai Pedro? —preguntou o tío Cristovo.

— Non sei —respondeu, sen lle dar máis importancia, a nai do cativo.

O pequeno Pedro de Zúñiga foi criado na rúa, a medias entre os veciños e o seu tío avó, Cristovo de Avellaneda. Foi medrando mentres vagaba polas corredeiras e polo peirao de Portosanto nos primeiros anos de vida, pasando os días entre lanchas varadas e mareantes de pel dourada.

Así que aprendeu a andar, Pedriño botouse fora daquela casa fidalga baleira de xente e chea de silencio. A melancolía dos que alí se atopaban prisioneiros nunca lle gustou.

Constanza de Zúñiga, a súa nai, proviña dunha familia nobre da vila. «Esta rapaza vains dar problemas» pensaba a súa nai cada vez que a cativa botaba a tarde a xogar coas fillas das pescantinas dos baixos

fondos de Pontevedra. "Saíu ao seu tío Cristovo, mal raio o parta", cavilaba o seu pai, farto de contar entre os seus familiares con aquel individuo, o seu cuñado, que en tantos problemas metera á familia."

¹ Chamada así por atoparse fronte a ela un cruceiro no que podía lerse a inscrición «Juan Colón, 1490». Esta inscrición foi misteriosamente limada, aínda que afortunadamente existen fotografías tomadas en 1917 polo arqueólogo Luís Gorostola que confirman esta frase.

Ao final, os presaxios cumpríronse: aquela nena de dezasete anos quedou encinta e, de pai descoñecido, naceu o pequeno Pedro. Ante tal vergoña, os señores de Zúñiga recluíron a súa filla na casa familiar da aldea de Portosanto. Aquela casa na que vivía sen outra ocupación que tomar unha xerra de viño tras outra o vello Cristovo, antes orgullo e agora oprobio da familia.

A casa, coñecida polos veciños como a casa da Cruz, era a máis rica do lugar.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 18

Texto 4

XIII

Cando todo rematou e Xordo foi axusticiado, Cristovo refuxiouse na súa Pontevedra natal. Pero a casa de Zúñiga xa non era a súa casa. Como familia pertencente á aristocracia que eran, mantivéranse neutrais no conflito á espera do resultado. Por unha banda, viríalles ben deixar de pagar impostos nas transaccións comerciais pero por outra recibían ingresos moi importantes en concepto de trabucos sobre os casais e os muíños que tiñan en propiedade, e non podían estar de acordo en que os labregos deixasen de tributar. De aí que Cristovo, como revolucionario da Irmandade, non fose ben recibido na súa volta á casa.

A pesar da oposición de súa irmá Elvira o letrado foi recluído por parte do seu cuñado Diego López de Zúñiga na casa da Cruz, no casar dos Colóns de Portosanto, moi preto da vila pero ao mesmo tempo oculto. Un exilio onde non lle había faltar de nada pero no cal se aseguraban de que non ía comprometer a familia por mor da súa participación naquel asunto da Fusquenlla.

E alí estivo vivindo só o ilustre Cristovo, ata que dous anos máis tarde o destino lle cobrou a xogada ao seu cuñado, quen se viu na obriga de enviar ao mesmo desterro a Constanza, a súa propia filla grávida e deshonorada, cargada das cadeas da vergoña pola virtude perdida. Un neto bastardo e unha filla que se ía converter en nai solteira eran demasiado para o bo nome dos Zúñiga na pequena vila de Pontevedra.

A vida de Cristovo pasaba tranquila entre paseos e xerros de viño. A chegada do pequeno Pedro, o fillo indesexado de Constanza, foi un espellismo de distracción no medio daquela monotonía.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 65-66

Punto 3 - Río Lérez

Así mudou a Ponte do Burgo



É a estrutura que simboliza a orixe da cidade, o seu símbolo e emblema heráldico. A súa cabeceira sur é o auténtico quilómetro cero da historia de Pontevedra, sempre en relación cunha ponte: primeiro aquela romana da que se presupón a súa existencia, entre outras cuestións pola toponimia e a presenza de miliarios, pero da que non quedan vestixios; e logo a medieval, enmascarada na actual ponte.

A localización exacta desa primeira ponte romana non se pode determinar, pero estímase que estaría situada augas arriba da ponte actual e a unha cota inferior, xa que na época romana o leito do río era moito menos ancho. Sábese que o nivel da auga foi medrando e que a ría se foi reenchendo por achegas aluviais, de aí que a mediados do século XII, se levantase outra ponte máis longa, a medieval, probablemente noutra localización distinta, non enriba da construción romana. Estas dúas pontes serviron para salvar o Lérez no eixo de comunicacións da Depresión Meridiana. A moderna veu a substituír á vella e derruída construción romana, pero un documento medieval fai pensar que ambas pontes puideron convivir algún tempo xuntas.

Século XV

Levantouse un dique portuario adherido á ponte, posiblemente relacionado coa ampliación do recinto amurallado.

Século XVI

Construíuse o edificio do cárcere anexo. A torre foi derrubada e reconstruída nunha posición máis avanzada sobre o río.

Século XVII

Presuntamente Mateo López levou a cabo a primeira grande obra de mellora e ensanche documentada. A riada orixinada en 1658 fixo necesario o derribo do peitoril para que as augas puidesen circular sobre a ponte. Houbo que proceder a traballos de reparación por mor dos danos ocasionados, os cales consistiron fundamentalmente en renovar as lousas do pavimento, reparar o casteliño e substituír os recheos da ponte por cachotaría.

Século XVIII

A invasión inglesa de 1719 provocou a destrución da torre, o cárcere e o casteliño. O cárcere e a torre foron reconstruídos. As obras de ensanche da ponte entre os séculos XVIII e principios do XIX, dirixidas por Pedro de Acuña, significaron a súa ampliación augas arriba en algo máis de 2 metros. Isto supuxo o derribo do casteliño e da torre, esta última substituída por un portón cadrado alintelado.

Século XIX

O cárcere trasladouse ao Campo de San Xosé. Levantouse un dique con peitoril dende a ponte ata a embocadura da actual rúa César Boente, posteriormente erixiuse outro entre a ponte e a Caeira. En 1890, mudáronse os peitorís de pedra por unha varanda de ferro sobre beiril con modillóns. Retírouse un cruceiro de pedra situado no centro da ponte que actualmente se atopa colocado na praza Alonso de Fonseca.



Século XX

Produciuse á demolición dos restos do antigo edificio do cárcere. O empedrado substituíu á lousa na calzada. Construíuse o peirao de ribeira da marxe esquerda do Lérez, que enterrou o arco 12, deixando a ponte só con 11. As máis importantes obras de consolidación, reforma e ensanche foron as executadas entre 1953 e 1954, que lle deron á ponte o seu aspecto actual. Dirixidas polo enxeñeiro Juan Llansó y de Viñals, esta gran reforma mudou profundamente a súa estética estrutural. Durante 15 meses, reforzáronse as cimentacións, saneáronse as fábricas, a ampliación foi considerable e dotárona de iluminación e mellores accesos.

Os primeiros traballos que se levaron a cabo foron os de consolidación, que remataron a finais de 1953. Fíxose preciso desmontar parte da superestrutura da ponte, consolidando a base da cimentación a través de inxeccións de cemento, que tamén foron empregadas para reenchener os ocos na fábrica de pilas e estribos. Reformáronse as pilas, construíronse vigas transversais de formigón localizadas nas pilas e estribos e reforzáronse as antigas bóvedas.

Logo comezou o proceso de ensanche. Fixouse unha anchura de calzada de 8 metros e beirarrúas de 1,60 metros cada unha. Polo que se fixo unha grande ampliación, xa que anteriormente o ancho da calzada era de 4,30 metros e as beirarrúas unicamente de 1 metro. O pavimento foi revestido por un firme de aglomerado asfáltico sobre cemento de formigón.

Os arcos, orixinariamente de medio punto, tiñan distintas luces e algúns estaban un pouco desfigurados. Procedeuse a anchealos e rebaixalos. Baixo as beirarrúas dispuxéronse canalizacións para aloxar o tendido eléctrico da iluminación da ponte e outros servizos. Tamén houbo que colocar os postes de sustentación da liña aérea dos troles. Nos tímpanos das bóvedas instaláronse uns elementos decorativos moi significativos: uns relevos representando cunchas de vieira; posto que a ponte forma parte do camiño de peregrinación a Santiago.

Como a rasante da ponte tivo que elevarse en 50 centímetros, acondicionáronse os accesos a ela, pavimentándoos con tacos de granito sobre base de formigón. Os accesos localizáronse entre pequenos muros revestidos de perpiaño. En total, a lonxitude da ponte acadou os 140 metros. O 14 de setembro de 1954 a ponte abriuse ao tráfico, malia que quedarán pendentes algúns labores como rematar os tallamares en punta de diamante.

A pesar de que as sucesivas reformas realizadas ao longo dos séculos transformaron considerablemente o seu aspecto exterior e xa non existen elementos nela que nos permitan enxergar o que un día foi, o seu significado segue e seguirá sempre vixente posto que a historia de Pontevedra é a historia desta ponte, van indisolublemente unidas, é a súa razón última de ser².

Texto 5

Sáíron da casa ataviados co equipamento de batalla. A xente ollábaos sorprendida, algúns rían ao ver ao cativo que arrastraba a cota de malla, que tiña que erguer como se fose unha saia, e que levaba unha espada de madeira na man. Axiña, un pouco antes do mediodía, traspasaron a porta da vila e comezaron a cruzar a ponte. Ao chegar ao medio, xusto onde a auga do río era máis profunda, pararon.

—A ver que tal resistes un ataque subido á varanda —deixou caer Robert como se fose algo sen importancia.”

Pedro ollou abaixo. Se caía dende o alto coa cota de malla posta, ía ir cara ao fondo sen remedio. Dubidou un intre.


—Tamén podemos volver á casa e recoñecer que non estás feito para a carreira das armas —o ton tranquilo do bretón levaba consigo unha clara ameaza.

O rapaz, vencendo o medo, apretou os dentes e subiu. Púxose fronte ao cabaleiro, en garda. Este, sen previo aviso, comezou a asestarlle golpes coa espada de madeira que Pedriño apenas tiña tempo de amortecer. Sentiu que perdía o equilibrio.

Caeu de costas nas augas escuras do río. Por un momento logrou saír a flote, pero axiña o peso do aceiro e da roupa mollada o levaron ao fondo. Antes de afondar viu a cabeza de Robert no alto da ponte, ollando cara abaixo sen expresión no rostro.

Sentado nunha pedra xunto á muralla, á beira do río tal e como lle indicara Gwened dous días antes, o vello Cristovo de Avellaneda sentiu que se lle paraba o corazón ao ver a Pedriño afundirse.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 208



² *As pontes de Pontevedra*, Concello de Pontevedra, 2013.

Punto 4 - A Moureira



Dentro do centro histórico de Pontevedra existe un barrio antigo tamén chamado barrio da Moureira que se encontraba asentado ao pé da fachada sur da Basílica de Santa María, nun dos puntos máis altos da cidade. Neste barrio vivía o gremio dos mareantes, o gremio de mar máis antigo de España. As persoas que alí vivían dedicábanse tanto á pesca como á salgadura do peixe. O gremio de mareantes que vivía neste arrabalde mariñeiro foron os quen financiaron a construción da Basílica de Santa María.

Nel atópanse diferentes tipos de casas de pescadores xa que se sitúa á beira do río Lérez. Está formado por pequenas rúas que conteñen numerosas casas de patín, antigas residencias de pescadores e outras típicas casas mariñeiras como as casas terreñas e casas con sobrado. Este barrio tamén conserva casas rematadas en forma de mitra que no século XV chamaban **Casas de Outón**. Antigamente o barrio dividíase en tres zonas:

- a primeira era coñecida como *A Moureira de arriba*, estendíase desde as inmediacións da ponte do Burgo ata os arredores da ponte da Barca, lugar onde se situaban os estaleiros e talleres relacionados co mar. A Moureira de Arriba era a mercante, daba saída comercial á salgadura dos pescadores e ao resto de produtos que de Galicia se distribuían a outros países, viño do Ribeiro, madeira e outros. No seu estaleiro construíanse barcos de maior eslora e tonelaxe como as galeras e carabelas;
- a *Moureira da barca*, nas inmediacións do peirao onde se atopaba a barca que comunicaba coa outra beira da ría e que deu máis tarde lugar á ponte de madeira e posteriormente á actual ponte da Barca, desde alí estendíase ata o lateral norte da praza de touros, onde se desenvolvía a actividade comercial;
- máis preto de Poio e a última era a *Moureira de Abaixo* ou das Corbaceiras, era pescadora e totalmente autosuficiente. Transcorría desde as proximidades da ponte da Barca e a praza de touros ata a desembocadura do río Gafos, os vellos din que ata o muíño de Juan Novás o Peilán e o seu lavadoiro que aínda se conserva á beira. Aquí atopábanse os peiraos coas fábricas de salgadura de peixe, alfolís e onde se situou tamén un hospital de leprosos. A Moureira de Abaixo era totalmente pesqueira, con propiedades e edificacións orixinarias dos séculos XV e XVI. Actualmente se chama o barrio de San Roque.

O barrio estaba formado por centenaes de pequenas casas mariñeiras compostas dos seus correspondentes peiraos e patíns. Apenas existían rúas na súa estrutura habitual, a ocupación do terreo faríase de modo non aliñado, disperso, salvo as rúas que enlazaban co camiño que rodeaba a muralla.

O profesor Filgueira Valverde chegou a coñecer o barrio antes da Súa completa desmantelación e descríbenos así como eran as súas edificacións:

Pocos soportales y modestos, ninguna balaustrada. Las casas suelen presentar un hastial en outón que aprovechando el desnivel del terreno, da entrada al piso habitable desde la calle y utiliza el bajo, por el lado opuesto, para almacén y taller en las tareas de la conserva. Discretos huecos, sin resalte en los jambajes: a lo sumo, por gala un patín con escalera exterior o un balcón con barandilla de hierro.

Se nos referimos a un estudo etimolóxico, é precisamente Filgueira Valverde quen sostén que o nome de Moureira deriva do seu papel na pesca e na conservación desta. Manifesta que no século XV escribíanse aínda **Moreira**, revelando de cerca

a orixe do lugar da **moira**, do latín **MURIA**, salmoira, **SAE MURIA**, como industria que se practicaba en toda a costa pero con máis intensidade no lugar onde podía dispoñer de máis cantidade de sal. O sal era un produto vital, non só para a conservación do peixe, tamén o era para conservar a carne e para a transformación do coiro.

É preciso facer notar como característica estraña e perdurable do Arrabalde pontevedrés que non adoitaba residir nel senón todo aquel que do mar vivía, e que toda



A Moureira nunha imaxe dos anos vinte do século XX. Aí naceu en 1855 Benito Soto, o pirata do Burla Negra.





Capela de San Roque.



Hospitaliño dos Gafos.



Casa típica na Moureira.

industria ou comercio que non se relacionaba directamente coa pesca ou co tráfico marítimo quedaba excluído das súas rúas.

Co tempo e o declive económico da vila, a zona foise degradando progresivamente e perdeu esa hexemonía que mantivo durante os séculos XV e XVI, non así o seu encanto, o que levou consigo a que a finais do século XIX e ata mediados do XX recuperase una certa relevancia na economía pontevedresa.

Consérvase un conxunto antigo de sete casas, todas ao redor do antigo **hospitaliño dos Gafos**.

Destaca a presenza dun patín pechado elevado sustentado por pilastras de sección cuadrangular. Desde época medieval este edificio foi testemuño das diferentes epidemias que sufriu a cidade ata inicios do século XX.

As casas que quedan en pé no estuario do río Gafos son sen dúbida de orixe medieval. Non se pode precisar a época exacta da súa construción, pois sufriron moitas modificacións ao longo dos séculos e trátase ademais de construcións moi elementais, sen motivos decorativos.

As casas son todas de semisoto cunha gran porta cara ao río e planta baixa cara á rúa traseira, hoxe San Roque de Abaixo, o segundo andar visto desde o río.

A planta baixa servía de almacén para os aparellos de pesca e de salgadoiro; o andar, de vivenda. Algunhas teñen o bancal corrido con desaugadoiro que utilizaban os pescadores da Moureira para lañar e salgar a sardiña, a pescada e o congro.

Trátase dunha igrexa neoclásica, pero que ten pezas románicas incrustadas na súa obra que pertenceron a outra igrexa.

As pezas incrustadas son un conxunto de columniñas, unidas de catro en catro, cos seus capiteis e basas, que se colocaron na nave da igrexa, formando tres ventanais, e tamén unha importante colección de canzorros.

En realidade, moitos dos canzorros son modernos, realizados imitando o estilo dos románicos traídos do exterior. Non é fácil diferenciarlos en moitos casos.

A igrexa orixinaria destas pezas románicas é a igrexa de Casteláns, do municipio pontevedrés de Covelo. Trátase dunha igrexa pertencente a un mosteiro medieval feminino, que foi derrubado no momento de construír a estrada que a bordea. Aínda se conserva en pé, no seu sitio, o presbiterio, moi belo, con columnas apegadas polo seu exterior, de planta semicircular, pero todo o conxunto arruinado.

Uns arcos pertencentes ao presbiterio desta igrexa foron instalados nos xardíns do balneario de Mondariz; aínda alí poden ser visitados. Outras partes da igrexa foron traídas para ser montadas na capela de San Roque de Pontevedra, e outros restos atópanse en municipios achegados.

As columnas demostran que a igrexa era de finais do XII, basas de perfil ático, fustes monolíticos, capiteis de follas rematadas en bolas nas esquinas. O resto é todo moderno.



Casa mariñeira na rúa Xan Guillherme, 25.

Esta casa é das poucas que quedan na Moureira de Arriba, do século XVIII. A vivenda está construída a imitación de todas as que había no barrio do século XVI, pero con características barrocas.

A planta baixa está asoportalada, con dúas columnas centrais de orde toscana e dous grandes canzorros nos extremos. O andar ten tres ventás en vez de dúas, e están ademais recercadas. A cornixa é xa multimoldurada.

A distribución interior e materiais son semellantes ós do século XVI. A horta sitúase na parte posterior.

Texto 6

Ante a indiferenza da súa nai, o cativo adoitaba pasar o tempo co tío. Algunha vez pasaban pola Moureira, o barrio dos pescadores da vila, cheo de casiñas amoreadas á beira da ría cos aparellos amontoados diante das fachadas. Alí estaban os estaleiros, onde o tío miraba o traballo dos carpinteiros de ribeira que construían navíos. Non lanchiñas de xeito nin dornas de escarva, senón carracas e naos que, cargadas de viño, atravesaban o golfo de Biscaia e levaban sal aos portos do Mediterráneo. Os mellores construtores do peirao da Santa María eran os da Coxa. Pedro adoitaba xogar entre os barcos a medio facer imaxinando que era un capitán ata que algún carpinteiro o botaba de alí, pero a maior parte do tempo pasábao en Portosanto.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 18-19

Texto 7

Tras pasar por diante de varias tabernas e comercios de teas e viño que tiñan base comercial no porto, Gwened dirixiuse finalmente á Moureira, o barrio portuario que comezaba xunto aos diques e se estendía terra adentro por rueiros estreitos. Todos naquel burgo eran pescadores, construtores de barcos, mozos de estiba, mariñeiros profesionais, redeiras, peixeiras, taberneiras ou desempeñaban calquera outra profesión relacionada co negocio do mar. Nunha esquina escura, incluso un par de mulleres lle ofreceron sen disimulo os seus servizos, deixándolle ver máis partes do seu corpo das que el quixera, tendo en conta a discutible beleza das mesmas.

Nada novo respecto a outros portos que coñecía ben, salvo a sensación de particular vitalidade que desprendía este.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 51


Punto 5 - Porto de Pontevedra



Peirao das Corbaceiras en 1883.



Peirao das Corbaceiras en 1910.



Peirao das Corbaceiras en 2012.

Situado na desembocadura do río Lérez, este porto é fundamental na historia de Pontevedra polo seu papel na decisión de crear o Gremio de Mareantes debido á súa importancia como porto pesqueiro e de comercio internacional de Galicia.

Texto 8

X

Robert de Gwened admirou a entrada ao porto de Pontevedra dende o castelo de popa da carabela na que levaba xa seis días, e deles, día e medio dende que divisara as primeiras costas de Galicia. Esa mesma mañá dobraran Fisterra, e dende aí sucedérase a visión por babor dunha costa abrupta cercada por montañas verdes que enmarcaban ducias de portos minúsculos.

Comprobou que os portolanos que lembraba ter visto eran certos, e que o mar entraba naquela terra como se tan só os montes estivesen a salvo de quedar asolagados. Tanto era así, pensou, que aquelas xentes debían ter auga salgada no canto de sangue correndo polas veas.

A carabela, guiada polo piloto que seguía as instrucións dun práctico, arribou con coidado a un dos molles de madeira. Tan pronto estiveron todos os cabos ben tensos

e tenderon a rampla, o traballo comezou de forma frenética tanto a bordo coma en terra. O de Pontevedra era o porto de maior actividade comercial de toda Galicia, e momentos como aquel sucedíanse sen interrupción.

Os comerciantes que agardaban a mercadoría transportada naquel frete tiñan présa por levala aos seus almacéns. Os mozos de carga preparaban cordas e poleas.

Oficiais e mariñeiros, coñecedores do frenesí do momento e da importancia de non perder nada, organizaban a uns e outros mentres preparaban o desembarco.

Tal e como acordaran de antemán, a Robert agardábao Beltrán de Alba, o mordomo da casa de Soutomaior e alcaide do castelo do conde. Un home serio que vestía roupa cara. Todos ao seu arredor actuaban con deferencia, como se debesen comportarse máis dignamente do habitual mentres el estivese presente. O cargo de lugartenente daquel a quen chamaban o rei de Galicia era un rango da máis alta categoría.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 47-48

Punto 6 - Praza da Verdura - Onde se coñeceron o Roxo e Maruxiña



Antigamente chamada Praza da feira vella, ten a súa orixe no mercado que se celebraba todas as mañás nela onde se vendía verduras, castañas e froitas. No século XIX instalouse nesta praza a fábrica da luz sendo Pontevedra a segunda cidade española (tras Barcelona) en contar con este servizo.

As feiras celebrábanse nesta praza, debendo constituír un centro importante de contratación propias de cada tempo. A concorrencia era masiva, acudían xentes de cinco e seis leguas de distancia que entraban polas distintas portas da vila (Trabancas, Santa Clara, O Burgo e a do Peirao dos Fidalgos que era a máis próxima a ela).

Por noticias e documentos existentes sabíase que nela se comerciaban panos de Sevilla, Portugal e Aragón, olerías de Castela e Portugal, panos de la e variados de liño, sebo, cera, manteiga, mel, unto, parreira e peixes de todas clases.

Entre a rúa San Román e San Sebastián construíuse a chamada **Casa da Luz** nos terreos dos Bermúdez de Castro, dos de María de Corneda e de Diego Domínguez, rexedor perpetuo da vila. Na parte baixa da praza e facendo esquina coa rúa Sarmiento atópase a **casa que foi mandada levantar no século XIV por un Soutomaior** (segundo rezan as inscricións).



Lindaba ás súas costas coas torres derruidas chamadas de Millán e os xardíns da casa dos Condes de Maceda. Luciano del Río o 23 de marzo de 1922 manifestaba que estas casas mandadas construír por Arcediano Fernández de Sotomayor eran o solar dun individuo cuxos antecesores foron como el, os Soled, que desempeñaron cargos de relevancia na igrexa, a milicia e a política, non só en Galicia senón en todo o reino.



Nesta praza tiveron o taller de escultura os Canle, Gaspar e os seus irmáns Benito e Bartolomeu. Estes escultores tallaron no século XVIII o paso da última cea da igrexa da Virxe do Camiño que procede de San Bartolomé o vello, encargado e custeado polo concello de Pontevedra.

Tamén viviron outros personaxes importantes con foron os Cendón, Monteagudo, os irmáns Juan e Antonio Ricoy. Nos séculos XVII e seguintes viviu tamén Ruíz de Lugo esposo de Taresa Pérez de Frota. Esta praza sufriu moitas modificacións coa construción de novos soportais. Apenas quedan dous das antigas construcións pero son suficientes para reconstruír o aspecto total da praza³.

Texto 9

V

O noso Roxo naceu e medrou na Moureira, xusto en fronte a Portosanto co río polo medio. Alí, o seu pai traballaba na construción de grandes naves e era axudante de piloto, un dos cargos máis importantes aos que podían optar os mariños sen formación.

Tendo dezaioito anos, nunha feira coñeceu a Maruxiña de Brañas, unha moza pouco máis nova ca el que vendía mel e ovos sentada no cruceiro da Praza da Verdura. Ao vela por primeira vez, o mozo sentiu que perdía o alento. Tivo que buscar, disimulando, unha columna na que se apoiar.

Maruxa era pequena e riseira. Era da familia dos Brañas. Non tardou o Roxo en averigualo, e pouco tardou tamén en ir rondar aquela casa do outro lado da ría. Durante varios días vagou polos arredores da aldea. En canto tiña algo de tempo

³ <http://gerardorey1966.blogspot.com/2016/03/descubriendo-pontevedra-la-plaza-de-la.html>

camiñaba lixeiro polo vello camiño do mosteiro de Poio e, facéndose o despistado, ollaba con finximento as fiestras por ver de albiscar de novo aquela rapaza.

Ao cabo dun par de días, xa os veciños comentaban que un rapazote da vila ben vestido rondaba a casa de Brañas, e que había ser por Maruxiña.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 29

Texto 10

Apenas durmiu ata a seguinte feira. Ese día, xa a primeira hora rondaba pola Praza da Verdura antes de que aparecese comerciante ningún. Non lle daba pasado o tempo. Empezou a chegar xente, e nada. Algúns comezaron a vender. Foi ver nas outras prazas e rúas, por ver se Maruxa se tería colocado noutro sitio. Nada.

Por fin apareceu. Pousou a cesta que traía na cabeza e sentou no cruceiro. Como a outra vez.

El fixo un intento por achegarse, pero cando camiñaba cara alí unha vella fidalga acercouse e preguntoulle á rapaza algo sobre o mel. Tras uns minutos que ao Roxo lle pareceron anos, simulando interese pola mercancía doutras vendedoras, Maruxiña quedou libre de novo. Achegouse. Outra vez a mesma axitación. Case sen poder articular palabra, plantouse diante dela. Ela mirábao, recoñecendo divertida o protagonista da historia que súa nai lle relatara.

—Bo día, señor. Como verá, traio queixos. Póño un?

El conseguiu asentir coa cabeza mentres abandonaba todo intento por articular palabra. Colleu o queixo, pagoulle e marchou mareado.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp.30-31.

Punto 7 - Casa de Gwened - Praza da Verdura



Entre a rúa San Román e San Sebastián construíuse a chamada **Casa da Luz** nos terreos dos Bermúdez de Castro, dos de María de Corneda e de Diego Domínguez, rexedor perpetuo da vila. Na parte baixa da praza e facendo esquina coa rúa Sarmiento atópase a **casa que foi mandada levantar no século XIV por un Soutomaior** (segundo rezan as inscricións).

Texto 11

XXX

Executado o seu plan con Isaac e cos mariñeiros do peirao, Cristovo dirixiuse por fin á súa cita. Encamiñouse a unha vivenda cercana ao porto, propiedade do conde de Soutomaior. Atopou a porta aberta e saudou en voz alta sen entrar.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 121

Texto 12

X

—Xa estamos chegando. Como ve, a casa atópase moi preto do porto, como vostede solicitou.

Sacou unha chave de ferro e abriu a porta que pechaba a mansión. Entraron. A casa estaba baleira e limpa. Ulía a pechado e a humidade. Meteron os cofres e abriron todas as fiestras. No piso de arriba, unha alcoba grande estaba lista para recibir o seu novo inquilino. Ao lado había unha cámara espazosa, tal e como solicitara o cabaleiro, e outra alcoba algo máis pequena.

—O señor de Soutomaior agárdao mañá antes de mediodía no castelo. Poderá coñecer todos os pormenores do traballo que ten encomendado. Á primeira hora recibirá vostede a un dos mozos, que quedará ao seu servizo ata que desexe contratar outro. Precisa algo máis?

—Todo está ben —si que era eficiente aquel home, pensou o cabaleiro— Tan só unha pregunta. A que distancia se atopa o castelo?

—A menos de tres leguas. O mozo coñece o camiño.

Robert calculou que tería tempo de sobra para chegar á cita, mesmo ocupándose de acondicionar a casa. Tardaría un par de horas en percorrer as tres "leguas a cabalo. O mordomo comunicoulle un último dato.

—Está a chegar Sancha, a criada que se ocupará da casa. Ten o encargo de preparar a cea de hoxe e, de agora en diante, cumprir con todas as tarefas domésticas que vostede lle encomende —ollou a expresión do forasteiro para comprobar que nada quedaba por facer —Todo ben entón? Podo transmitirlle ao señor que estades en disposición de comezar co voso compromiso?

—Dende logo. Eu mesmo llo transmitirei mañá antes do mediodía. Grazas pola súa dilixencia, Beltrán.

Retirándose e, como agradecendo, o fidalgo fixo unha breve reverencia de cabeza. Robert quedou abrindo os cofres e colocando nos estantes a equipaxe, composta de libros, algo de roupa de recambio para complementar o seu cotián hábito de monxe, que sempre cubría coa capa que usaba para ocultar a espada, e varios instrumentos raros.

De repente entrou a criada cun cesto na cabeza cheo de comida. Saudou cun sorriso aberto debuxado entre as súas fazulas coloradas, e dixo:


—A cea de hoxe serán filloas con lacón. Díxome o señor Beltrán que tamén as comen na súa terra —Sancha estaba orgullosa da deferencia que lle ofrecía ao seu novo señor.

Robert asentiu cun sorriso tamén, e continuou a organizar as súas pertenzas para a que preveía que había ser unha boa tempada naquela casa.

"Semella que vai ser unha estadía interesante", cavilou en silencio mentres comezaba a colocar os libros nos estantes."

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 48-49.

Punto 8 - Santa María - Asemblea de mareantes



Nun documento de 1523 xa se constata que os mareantes pontevedreses se reunían na igrexa de Santa María a Grande para a redacción das ordenanzas dese ano.

Texto 13

XI

Ao día seguinte o cabaleiro ergueuse ao canto do galo

tras durmir como un meniño de berce. Aquela era a primeira noite nas últimas semanas que ceaba e durmía nunha casa á que se podería chamar fogar. Vestiuse con calma e saíu á rúa con intención de explorar a pequena cidade portuaria.

Percorreu as súas rúas flanqueadas de casares nobres, algúns aínda con estrutura de madeira e moitos xa de pedra. Na confluencia das rúas adoitaba haber unhas praciñas moi xeitosas. Nunha vendíase leña para abastecer as lareiras de aquelas casas. Noutra, unha ducia de augadoras enchían de auga as sellas para repartila polas portas a cambio dunha moeda.

Varias igrexas e conventos asentábanse na vila, se ben non todos o facían no espazo intramuros, demasiado escaso para aquelas enormes construcións. A Robert chamoulle a atención o mosteiro dos franciscanos, do que xa lembrou ter sabido nalgunha lonxana ocasión.

“Con que aquí é onde xace para a eternidade o gran Chariño”, recordou.”

Axiña puido comprobar que a cidade escalaba por un outeiro suave abrazado polo río. As rúas ían dende as ribeiras nas que aboiaban, amarrados, os navíos. Nun alto sobre o río dominando os peiraos e os estaleiros atopou un interesante lugar na igrexiña de Santa María. Era vella e pequena, e ameazaba ruína. Observouna, descubrindo nos seus muros detalles que deixaran alí, coma un código, os canteiros que a ergueran centos de anos antes. Mensaxes cifrados na pedra que tan só el e algúns máis sabían interpretar.

Comprobou que a ábsida semicircular estaba a piques de derrubarse, pero que, con todo, aínda transmitía elegancia. “Esperemos que non a deixen caer” pensou mentres se decatava do pésimo estado de conservación do tellado.

“Calquera día éntralles alguén por eses buratos que hai entre as tellas”.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 50-51

Texto 14



XXVII

Ao entrar na Asemblea o Roxo percibiu as miradas de hostilidade de aqueles que sempre foran os seus compañeiros, moitos deles mesmo amigos, e que parecían sentirse traizoados no máis valioso que tiñan: a súa honra

de mareantes.

O incumprimento das normas por parte do carpinteiro de Portosanto fora o tema de conversa en todos os estaleiros e nas tabernas da Moureira. Era un home dunha reputación intachable, de quen ninguén podería agardar algo así. A súa familia, que continuaba construíndo nos peiraos, xamais dera que falar.

Alí estaban reunidos todos os que eran alguén naquel negocio. Propietarios de estaleiros, pescadores, armadores e carpinteiros falaban en grupos mentres agardaban que empezase o acto.

Á fin comezou. Os primeiros temas tiñan que ver, como era habitual, con taxas e peaxes. Que subira o tributo para desembarcar nun determinado porto, que se unha ponte libre de peaxe agora a tiña, que subira o portazgo a pagar no fielato... Tomábanse decisións por consenso e acordábase presentar os recursos pertinentes ante a autoridade. A tensión ía subindo e o descontentamento tamén. Aos mareantes non lles gustaba pagar os impostos que os señores aplicaban de xeito arbitrario. O Roxo pensou que todo aquel malestar non o favorecía.

Por fin, chegou o asunto do aprendiz. O vogal do comité expuxo o caso tal e como el mesmo o vivira uns días atrás. Tratábase de Diéguez, o home alto que tanto lle reprochara durante a visita por sorpresa.

—Recibida a denuncia neste Gremio... —comezou a súa alocución. “Denuncia?”, pensou o Roxo. “Denuncia de quen?”

Aquilo non tiña boa pinta.

Rematada a argumentación do vogal, chegou a súa quenda de palabra. Tratou de xustificar o sucedido.

—Meus benqueridos e sempre respectados compañeiros —comezou, dirixíndose aos homes que o miraban hostís— sempre fun mareante, membro dunha familia que leva moitas xeracións construíndo barcos que navegan estas augas. E así como nunca incumprín a lei no meu desempeño profesional, veño aquí a defender que tampouco o fixen neste caso que nos ocupa.

Formouse un rumor ruidoso abondo como para obrígalo a calar. Os mareantes non daban creto ao que escoitaban. Fora pillado coas mans na masa polos propios

membros do comité e viña defender que estivera a actuar legalmente? O vogal ordenou silencio, interesado no que o Roxo pretendía expor.

—E digo que nunca incumprín a nosa lei porque o rapaz que me axuda en ocasións é demasiado novo para ser un aprendiz —caras de escepticismo —Porque ademais non está a aprender o oficio, se non axudando como man de obra —escepticismo e indignación —E, finalmente, porque sendo como é o meu herdeiro legal, estaría no meu dereito de ensinalle a levar o negocio que algún día será seu.

Un mutismo de asombro apoderouse do foro ante este golpe de efecto.

O vogal Diéguez tardou en reaccionar. Aquela argucia nin se lles pasara pola cabeza. Os mareantes, mudos pola sorpresa, empezaron a mirarse uns aos outros. Non sabían que pensar, e menos aínda que dicir.

—Supoño que o carpinteiro de Portosanto terá probas do que alega— dixo outro membro do comité.

Cunha cara o máis inexpresiva que foi capaz e reprimindo a sensación de vitoria que o invadía, o Roxo desenvolveu un testamento asinado ante o notario Cristovo de Avellaneda, coa tinta aínda fresca, que outorgaba categoría de herdeiro universal de todos os seus bens, incluíndo o negocio familiar, a Pedro de Zúñiga. Os membros do comité debatían entre si, descolocados. Ao cabo duns minutos de desconcerto falou Diéguez.

—De xeito prudencial procedemos a advertir do compromiso de confidencialidade que teñen que cumprir as partes —o Roxo, gardando silencio, asentiu de acordo coa advertencia— E polo demais, emitiremos ditame na próxima Asemblea, unha vez examinemos o documento e analicemos a pertinencia da argumentación.

Cando volveu á aldea, Cristovo e Pedro agardaban impacientes.

—Temos que esperar á próxima xuntanza. Será dentro dun mes— o Roxo contoulles o sucedido con cara de satisfacción, e celebraron o éxito compartindo un xerro de ribeiro da adega do vello letrado.

De momento, o caso ía ser estudado polo comité. Iso xa era unha vitoria.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 110-112.

Punto 9 - Sala de Xustiza de Pontevedra



O Gremio de Mareantes de Pontevedra tiñan un gran poder, fundamentalmente por dúas razóns: a primeira porque o arcebispo de Santiago llo dá, e a segunda porque o gremio constitúe unha fonte de ingresos extraordinaria para a vila de Pontevedra, daquela a máis

poboada de Galicia, incluídas las ciudades con bispado. O Gremio de Mareantes foi quen financiou a construción da Basílica de Santa María a Maior, nas que se facían as reunións do Gremio, así como o financiamento e construción da primeira ponte da Barca, a recuperación da Cofradía do Corpo Santo, as procesións do Viático e do Corpus



Texto 15

LXVI

Pedro e Cristovo entraron na sala de xustiza de Pontevedra á hora indicada polo xuíz. O señor de

Gwened escusara a súa presenza debido a uns asuntos que tiña que ir tratar co alcaide de Soutomaior. Ao entraren pasaron por diante de Bento, que falaba con Lope Diéguez, o vogal que ía exercer a acusación en nome do Gremio, e de Nuno, que nin tan sequera lle dirixiu a mirada a Pedro.

—Ese rapaz é igualiño ao seu pai —dixo Cristovo polo baixo, sen disimular o seu desgusto.

A sala estaba aberta e ambos ocuparon os seus sitios. Ao pouco entraron tamén os representantes do bando da acusación e finalmente entrou o xuíz, un ancián malencarado que vestía unha túnica negra cos puños das mangas rebereteados de encaixe branco.

Nos minutos de espera que trascorreron mentres non daba comezo o xuízo (...)

—Damos comezo á vista na que se acusa ao escudeiro Zúñiga de roubo e destrución dunha embarcación propiedade dun mareante pertencente ao Gremio —grallou o xuíz. A agravante a ter en conta por este tribunal é a usurpación do medio de vida co que o denunciante alimenta a súa familia. Letrados?

Diéguez tomou a palabra como representante do agraviado.

—Eses son os feitos, señoría —comezou. O Gremio preséntase como acusación ao ver vulnerados os dereitos dun dos seus membros, o señor Ovar aquí presente.

Como Cristovo gardaba silencio, o xuíz enunciou o relato dos feitos presentados polo denunciante, obviando a intervención mediante a cal Pedro salvara a vida do Pinto. Aí foi onde entrevistou o tío, alegando a valentía do acusado.

—Tal e como lle advertín na vista previa, letrado Avellaneda, este tribunal non está para outorgar loureiros a supostos heroes que se presenten ante el —a súa aspereza era evidente — Neste caso trátase de dilucidar a compensación que debe percibir un home que perdeu o seu medio de gañar a vida porque llo roubaron, independentemente dos fins cos que se cometeu o roubo. (...)

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 283-284



Texto 16

Cando por fin comezou o xuízo, o rapaz estaba atordado. Unha multitude ruidosa ateigaba a sala e a expectación entre a concurrencia era máxima. En canto sentou, Cristovo empezou a falarlle atropeladamente da hipótese relacionada coa autoría do asasinato a mans das dúas mulleres desaparecidas, solicitándolle a información que lle faltaba. Pedro confirmoulle de xeito inmediato que esas tamén eran as súas sospeitas, e nos minutos que tiveron antes de que o alguacil ordenase silencio deixaron lista unha precipitada estratexia. Gwened sentaba nun banco do fondo, preto da porta. Os últimos dous días estivera reunido co vello Avellaneda, preparando a fondo a táctica aínda que de todas maneiras, tiña un plan alternativo por se todo fallaba.

Agardaba tenso pero tranquilo.

Pola banda da acusación, Diéguez e Nuno marmuraban sentados no seu banco. Estaban certos de que conseguirían facer aforcar a Pedro quen, ao velos tan compenetrados, non puido evitar pensar que Nuno se convertería no lexítimo propietario da casa de Brañas no caso de que a el o condenasen.

Iso é o que realmente pretende. Non é máis que un maldito moínante, digno fillo do seu pai.

O xuíz entrou ollando a multitude que o agardaba, gozando da expectación suscitada. Era o mesmo maxistrado que lle outorgara, tempo atrás, o usufruto da casa a Bento en compensación pola destrución da chalana sen ter en conta o heroísmo amosado por Pedro durante a tempestade.

—Ábrese a causa sobre o asasinato do mareante Bento Ovar! —exclamou coa súa voz de corvo— Pola acusación, o Gremio de Mareantes representando á familia do falecido. Acusado, señor Pedro de Zúñiga. (...)


Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 341-342

Punto 10 - Calabozo de Pontevedra – rúa Galega ou Barral



O cárcere da vila de Pontevedra, foi construído a partir de 1595 adoptando a forma dun inmobile de dúas plantas pegado á torre baixo a que se atopaba a porta da Ponte del Burgo;

polo tanto malia a súa escasa entidade arquitectónica era ben visible na principal entrada urbana. Entre 1750 e 1753 foi reedificado ao ser destruído no ataque inglés de 1719, pero mantendo unhas dimensións e distribución moi similares á preexistente. A través dun plano conservado podemos saber que no piso baixo se dispuxo unha sala xudicial, no primeiro os calabozos de homes, cuns rexistros superiores abertos cara a capela superior, e no segundo o cárcere de mulleres co cuarto do carcereiro e unha escaleira de paso cara a unha capela, situada no piso alto da torre anexa⁴.



Texto 17


O ceo negro empezaba a clarear pola parte oriental. Axiña sería de día. Pedriño de Zúñiga, abatido e desconcertado, foi levado aos calabozos da cidade, nos que pechaban os criminais mentres agardaban sentenza. Sentado no chan agardou durante horas a saber algo do sucedido. Seguía sen poder crer que Bento morrese polo golpe que el lle asestara.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 332.

⁴ <https://www.farodevigo.es/pontevedra/2012/10/29/carcel-vieja-pontevedra-calle-galera-17595790.html>

Punto 11 - Cadafalso de Pontevedra - Praza de Santa María

Texto 18



Arquivo Histórico de Tucumán: un neno na horca.

LXXIX

Xusto unha semana despois de ser arrestado en metade da noite celebrouse o xuízo contra Pedro de Zúñiga, veciño de Portosanto e escudeiro do bretón Robert de Gwened, cabaleiro ao servizo do señor de Soutomaior.

Neses días xerárase unha grande expectación na comarca. Un asasinato sempre era un acontecemento que espertaba a expectación das xentes da vila pero este, ademais, presentaba unhas

circunstancias especiais.

Falábase de que o rapaz andaba en amoríos coa filla do falecido, e que o matara por interpoñerse no seu namoramento. Tamén se dicía que era un personaxe misterioso que sempre andaba cargado de armas ao abeiro daquel estranxeiro extravagante. Algúns lembraban a catadura moral do portugués e dicían que o tiña merecido pero todos, quen máis e quen menos, agardaban ver o autor do crime pendurado no cadafalso.

Un axusticiamento era un gran espectáculo. (...)

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 340

Texto 20

LXXXI

—No caso do asasinato do veciño da aldea de Portosanto Bento Ovar, presentado polo Gremio de "Mareantes en representación da familia do falecido, contra o escudeiro Pedro Zúñiga, resolvemos que ante as probas e os testemuños presentados por ambas partes, consideramos o acusado culpable dos cargos presentados.

Como era de agardar, unha exclamación colectiva resoou na sala. O pequeno fidalgo ía ser axustizado na forca.

—A sentenza, como ordena a lei do Reino nestes casos, é de morte por aforcamento. A execución terá lugar ao amencer no cadafalso da vila, situado na praza de Santa María.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 349-350.

Punto 12 - Santa María



A parroquia de Santa María a Maior é a igrexa matriz de Pontevedra, aparecendo documentada xa antes da concesión do foro de vila en 1169 e substitúe aoutro anterior. Daquel templo consérvanse o San Pedro da contraportada occidental e o pantocrátor da clave dunha capela da nave do evanxeo.

A súa construción comezou na segunda década do século XVI, dirixindo as obras o mestre Juan de Cuetos. A fachada, contratada en 1541 a Cornelis de Holanda e Xoán Nobre, comezou a construírse en 1544. Dado que boa parte do financiamento proviña do Gremio de Mareantes, en 1551 paralizáronse as obras debido á escaseza de sardiña. En 1559 pecháronse as bóvedas, e en 1570 pechouse o coro. A torre das campás aínda tardaría bastante en ser rematada. O retablo, rematado en 1623, foi derrubado e substituído a comezos do

século XX, con deseño de Maximino Magariños.

Ten tres portas de entrada. A porta sur, a máis usada, dá á praza de Alonso III de Fonseca, que foi párroco da igrexa. A carón dela está a imaxe do Cristo da boa Viaxe. A porta norte dá ao Campiño de Santa María, e a porta oeste está no retablo pétreo.

O templo consta de tres naves, todo el circundado na parte superior por unha crestería pétreo. No exterior, na cara sur, hai unha imaxe da Virxe do O, patroa da cidade. Debaixo dela hai un sepulcro, posiblemente de Alfonso de Baltuino.

No retablo exterior hai imaxes de San Pedro, Carlos I, Santa Catarina e San Gregorio (á esquerda da porta en sentido ascendente); San Paulo, Filipe II, San Xerome e Santa Bárbara (á dereita da porta); enriba da porta están os catro evanxelistas: San Marcos, San Lucas, San Mateo e San Xoán. Enriba deles hai un rosetón rodeado de anxos, e xunto a el dous bustos, posiblemente de **Cristovo Colón e Hernán Cortés**. Enriba do rosetón está a Asunción da Virxe, e máis arriba a Santísima Trindade, co fillo á esquerda. Arriba de todo está o Calvario, coa cruz no centro e a Virxe e san Xoán ós lados.

No interior destaca o altar maior, feito a comezos do século XX polo tallista Magariños, en madeira. No centro aparece a Asunción da Virxe, rodeada de apóstolos e anxos, cuns baixorrelevos.

Ao entrar pola porta sur e indo cara á dereita, está o altar da Virxe do Carme, Santo Antonio e Santa Rita. Despois está unha capela coa Virxe co Neno. Despois hai outra da Purísima ou da Concepción, cun retablo de madeira de cinco táboas de comezos do século XVI, obra do portugués Atayde.

Nun altar de pedra está a Virxe de Covadonga, cun escudo coas armas de Diego Arango Soutomaior. Despois está a capela da Virxe de Covadonga.

O altar barroco do Cristo inclúe unha imaxe de Xesús feita no século XVII por Ferreiro, flanqueado por San Telmo e San Pascual Bailón. Na capela, fundada en 1525, están soterrados os seus fundadores.

Após o altar maior, está a representación da Asunción da Virxe, rodeada de anxos e apóstolos. Á esquerda está o altar da Santísima Trindade.

A torre das campás contén unha escaleira de caracol con máis de cen chanzos. No primeiro piso móstranse antigas roupas litúrxicas e a imaxe procesional da Santísima Trindade. No segundo andar hai unha mostra de ourivaría. O terceiro é un miradoiro desde o que se ve a zona monumental e a ría de Pontevedra.

É de salientar a capela funeraria coa inscrición «[Los do cerco: de Yoan Neto: e de Yoan de Col on fezeron esta capilla](#)». Cabe facer constar que malia o «[L](#)» borrado a posteriori do «[Collon](#)» este lugar é, xunto coa cruz que está diante do museo de Portosanto, o único do mundo onde quedou cicelado tal apelido no século XV.

A igrexa románica existía na época de Pedriño e estaría daquela en ruínas, onde se agocharon Evinha e a Chapeta tras o asasinato de Bento.



Texto 21

LXXXII

(...) Cruzaron caladamente a ponte na que xa non quedaba ninguén. Eran tempos de paz e a porta da vila adoitaba quedar aberta, co que a sentinela non lle prestou atención á presenza das dúas mulleres que pasaron con discreción ao seu lado. Protexidas pola negrura, avanzaron polos rueiros contentos que se dirixían á parte alta da vila. Cando chegaron á praza, Evinha achegouse a unha das paredes que tiña pedras desprendidas.

—Veña nai, eu axúdolle a agatuñar. Xusto enriba dese canzorro hai un burato entre as tellas que nos ha deixar pasar ao faiado da igrexa. Alí estaremos seguras.

Subiron e entraron pola fenda que Evinha lembraba. O espazo que lles quedaba baixo as tellas era tan escaso que apenas podían sentar no chan sen tocar as trabes coa cabeza. Ademais, o faiado estaba cheo de sucidade e escoitábanse as ratas correndo sobre as táboas apodrecidas. Pero alí ninguén as atoparía. Diso estaba segura.

Dende a súa ubicación, entre un artesoado de táboas e o propio tellado da ábsida, podían ver á luz dunha candeia a imaxe que alí se veneraba. Rosiña comezou a rezarlle.

—Nai, vostede váialle pedindo á virxe que nos axude neste trance, que de procurar algo de comer xa me encargo eu.

E deixando alí á muller saíu de novo e dirixiuse á Moureira a roubar comida e algunha manta que poder botar no chan. As noites serían as súas aliadas e durante o día tratarían, alí escondidas, de ser invisibles.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 353

Texto 22

LXXXIII

As desaparecidas xa levaban varios días amparadas na seguridade do seu agochadoiro. Cando había xente na igrexa procuraban non facer ruído ningún, se ben o que fixeran podería ser atribuído ás ratas, grandes coma coellos, que poboaban aquel tellado. Cando o lugar ficaba baleiro aproveitaban para acomodarse e comer algo.

Durante as horas do día trataban de durmir. Rosa escoitaba os oficios dende alí arriba e borboriñaba as oracións en latín que aprendera a forza de ir á misa durante anos. Evinha, aburrida, recostábase contra a parede e esperaba a que chegase a noite para saír a roubar. Xa acadara un par de mantas e bastante comida como para aguantar máis dunha semana, e nos últimos tempos fora concretando un plan para a fuxida definitiva. (...)

Esa noite, cando se dispoñía a baixar do tellado, estivo a piques de ser descuberta. Na praza da igrexa uns operarios estaban acabando de montar o cadafalso para unha execución. Deduciu que ao chegar o abreinte algún delincente recibiría a pena

capital. Tivo que esperar a que rematasen de ensamblar os paus nos que colgarían aquel desgraciado para poder saír sen ser vista. Cando pasou xunto á picota non puido evitar estremecerse. Se a atrapaban e a condenaban polo asasinato de Bento, tamén a aforcarían. (...)

Regresou ao seu tellado, onde a agardaba Rosa. Tratou de durmir algo, pero non puido. A imaxe da forca que acababan de montar na praza non a deixaba acougar.

Cando pouco despois saíu o sol, a praza da igrexa estaba ateigada de xente. Unha condena a morte era o espectáculo que espertaba unha meirande expectación entre a veciñanza. Asegurándose con moito coidado de que ninguén a puidese ver, Evinha asomou a cabeza polo burato a través das tellas rotas para ver de que trataba todo aquilo.

A praza enteira estaba rodeada por homes de armas. Eran os soldados do rei seguindo as ordes do tribunal de xustiza que, polo tanto, eran apoiados polos homes da Irmandade. Xuntos representaban o principal poder público e estaban alí para garantir o cumprimento da lei. Evinha contou, entre uns e outros, trinta soldados. Semellaba que non estaban dispostos a permitir que ningún altercado impedise a execución.


Axiña chegou o condenado. Escoltado por varios militares, camiñaba coa cabeza baixa. Ao lonxe, á rapaza pareceulle que recoñecía nel unha figura familiar. A xente da praza foi gardando silencio mentres estiraban os pescozos para verlle a faciana.

Non era máis ca un rapaz.

Cando o subiron ao patíbulo, Evinha case perde o sentido. No medio daqueles soldados, mirando ao xentío que se agolpaba na praza con aspecto de estar agardando algo, recoñeceu ao seu amigo Pedro, o cativo da casa Grande.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 354-356.

Punto 13 - Fortaleza de soutomaioir



Algo de historia

O castelo de Soutomaioir, fortaleza do século XII, é o lugar de orixe e centro de poder dunha das liñaxes máis significativas da Galicia medieval, os Soutomaioir. Sitúase na cima do monte Viso dominando a unión dos ríos Oitavén e Verdugo, nun lugar clave para o control entre o suroeste e o centro de Galicia.

A lenda da orixe da fortaleza fala da fundación nos tempos anteriores á chegada dos musulmáns á península e a historiografía sitúaa no século XII por orde de Paio Méndez Sorrelle, o primeiro en utilizar o apelido Soutomaioir. Desde entón os Soutomaioir participaron como personaxes protagonistas na maioría de acontecementos políticos e sociais da época en Galicia. Entre todos os membros desta familia destacou a figura de **Pedro Álvarez de Soutomaioir**, máis coñecido polo alcume de Pedro Madruga.

Preto deste castelo estaba o Castro da Peneda, onde no ano 1477, o Arcebispo de Santiago Alonso II de Fonseca e Ulloa construíu o castelo de Castrizán para controlar ao de Soutomaioir, e o que ao seu regreso do seu cativerio en Castela, Pedro Madruga conquistou e derribou, ocupando o seu lugar na actualidade a ermida da Virxe das Neves. Logo da morte do Madruga, no ano 1486, as disputas sucesorias polo seu legado fan que o protagonismo desta familia se esvaeza.

Descrición

Descoñécese se se construíu sobre un edificio anterior, pero existen indicios que levan a pensar nisto. Presenta un dobre **perímetro amurallado** de planta oval e irregular adaptándose ao terreo no que se asenta.



Perímetro amurallado.

A primeira muralla ábrese en dúas portas: a sur, conserva o escudo do marqués de Mos, e a norte, a primitiva porta principal co escudo da familia Soutomaior e Zúñiga.

A Revolta Irmandiña danou gravemente o castelo, polo que tivo que ser reformado. Foi nestes tempos cando se traza o segundo cinto amurallado. Presenta novidades construtivas como as troneiras, testemuñas da comunicación do paso da garda, hoxe en día tapiadas.

O edificio principal conserva a primitiva **torre da homenaxe**. De estrutura rectangular con case 150 metros cadrados de planta e 15 metros de altura e uns muros cun espesor, nalgúns lugares, de máis de 3 metros e medio. Componse de varias plantas tendo a entrada na primeira planta onde se atopaba a ponte levadiza orixinaria.

O **palacio** unido á torre da homenaxe esténdese cara ao norte ata unha segunda torre do século XV da que se conservan os seus primitivos perpiaños. É reconstruídos polos marqueses de la Vega de Armijo como un palacio neogótico. De todo o conxunto destaca, polo encanto romántico que a envolve, a coñecida como galería das damas, delicada obra neogótica que mira cara ao patio de armas.

Todo o recinto conta cun **xardín** duns 15.700 m², é froito dos labores do marqués de la Vega e Armijo e pódense atopar preto de 200 especies botánicas (algunhas con máis de oitocentos anos de antigüidade).



Torre da homenaxe.



Galería das damas.



Xardín.

Texto 23

III

A tres leguas cara o sur de Pontevedra, sobre un outeiro, estaba a fortaleza de Soutomaior. Dúas torres unidas por unha muralla que pechaba un patio de armas dominando unha terra ondulada de bosques mestos e regatos transparentes.

Este era o castelo do gran señor do sur de Galicia, Fernán Eannes. Propietario de lugares, aldeas e muíños polas terras de Redondela, Baiona e Tui, e dono dos

señoríos de Salvaterra e Fornelos, era o home máis poderoso de toda Galicia e un dos principais de todo o reino de Castela.

O conde miraba con impaciencia pola fiestra. Agardaba unha visita que lle había traer novas mentres ollaba ao lonxe, as lombas cubertas de árbores que se superpoñían e que por mor da néboa, canto máis lonxe estaban, máis azuis se vían.

De socato, sentiu un golpe na porta.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 20.

Texto 24

LVIII

Ao cabo dun tempiño, tras subir unha costa apareceu ante eles unha fortaleza con grandes muros de pedra e dúas torres nos extremos. Superada a néboa que non os deixara ver e que se fora disipando ao longo da súa conversa, chegaran por fin ao castelo de Soutomaior.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 246-247.

LIX

Ao atravesar a porta da muralla Pedro ficou abraiado. A fortaleza pareceulle imponente. O enorme patio de armas estaba preparado para a chegada, segundo parecía, dunha multitude. Lanzas, escudos, espadas de ensaio e artefactos de madeira construídos para a instrución militar estaban ordenados con pulcritude. Preto da porta había varios soldados listos para identificaren a todo canto home ou rapaz fose chegando e rexistrar a súa presenza alí, pois de aquilo dependía a exención de impostos á familia de cada recruta. (...)

Lopo Sánchez guiou pola fortaleza a Pedro explicándolle a función defensiva de cada un dos elementos da construción. Mentres daban un percorrido completo polo chamado paseo de ronda, no alto do adarve, o cativo admirouse da altura dos muros de cantería.

—É unha fortificación extraordinaria —dixo Pedro, admirado.

—Non o é —rebateu Lopo —É un castelo vello e anticuado que precisa de reparacións urxentes. Tal e como está, non resistiría nin o ataque a pedradas dunha tropa de foraxidos.

O rapaz mirouno con sorpresa. A el parecíalle unha edificación magnífica, pero admitiu que non tiña criterio para comparar.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 248-251.

Texto 25

XC

Fernán xa escribira unha carta persoal para Alvar, do seu puño e letra, para que lle fose entregada antes da lectura do testamento. Nela poñíao ao día sobre todos estes asuntos. Quería aforrarlle unha humillación pública. E agora agardaba, sumido nestes pensamentos, a chegada do seu outro fillo. Fillo bravo, fillo espúreo, bastardo. Non importa. Era o seu fillo. A súa derradeira esperanza.

A porta abriuse. Entrou Pedriño, indeciso. Unhas horas antes, dous soldados sacárano do calabozo indicándolle que o ían levar a Tui, onde quedaría recluído. O cativo estrañouse de que na metade da ruta se desviasen do camiño principal do sur, o que levaba á fronteira con Portugal.

Os soldados, subornados por Beltrán de Alba, conducírano á fortaleza de Soutomaior co compromiso firme de que nun par de horas poderían continuar camiño.

E alí, na sala principal da fortaleza, estaba Pedro Zúñiga, diante do conde de Soutomaior, agardando en silencio sen saber por que o levaran alí.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 382-383.

Texto 26

XCI

—Nesta data de 1440 e nesta antiga fortaleza, símbolo do poder da nosa estirpe, xuras en calidade de portador do meu sangue e do sangue de todos os teus antepasados loitar cada día da túa existencia, mesmo dar a túa propia vida se for preciso, para perpetuar na eternidade a gloria da antiga liñaxe dos Soutomaior?

As verbas de Fernán resoaron no silencio que se apoderou da estancia durante uns segundos.

—Xuro –contestou o rapaz, impresionado pola carga que asumía para o resto da súa vida.

—Moi ben, meu fillo. Érguete e dálle unha aperta ao teu pai, ao que non volverás ver con vida –díxolle Fernán, aliviado e pesaroso a un tempo– Os soldados do xulgado impaciéntanse porque teñen que entregarte no mosteiro sen demora.

Unha longa aperta foi a despedida entre ambos. Nunca antes falaran, nunca se tocaran nin tiveran contacto ningún. E agora que se atopaban como pai e fillo, o destino separábaos en cuestión de minutos.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 387.

Texto 27

CLXXXII

A fortaleza de Soutomaior fora derruída parcialmente, e as pedras que antano conformaban os seus muros permanecían espaxadas polo patio de armas e polos arredores do que fora a muralla defensiva. Pedro contaba co financiamento tanto da súa familia política coma do propio rei Afonso, que cada vez tiña máis claro que os seus intereses dependían do éxito que tivese o seu amigo na pacificación do sur de Galicia. En pouco tempo Soutomaior non só recuperou o seu esplendor de antano senón que foi reedificado con moito máis poderío, con barbacá de acceso, dobre recinto amurallado e "outras melloras que fixeron daquel castelo o máis imponente de todo o antigo reino".

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p. 725.

Punto 14 - Salvaterra de Miño

Salvaterra de Miño



O O 24 de maio de 991 o rei Vermudo II doou á igrexa de Santiago o señorío e val de Salvaterra, que herdara do seu pai Ordoño III. A fundación da vila de Salvaterra foi promovida en 1218 polo rei Afonso IX, para facilitar a viláns e pecheiros os medios de burlar os excesos dos señores feudais. Logo das guerras entre Tareixa de Portugal e Urraca de Castela a comezos do século XIII, Salvaterra pertenceu a Portugal até 1643, cando foi ocupada por tropas castelás no marco da Guerra de restauración portuguesa. O nome de Salvaterra aparece no século XIV cando se substituíu o topónimo da vila de Lazoiro.

Segundo relata Vasco da Ponte, logo da Gran Guerra Irmandiña Pedro Madruga pasou a Portugal fuxindo do arcebispo de Compostela e do conde de Monterrei, asaltando a guarnición de Salvaterra.

En 1568 o señor de Salvaterra era Diego Sarmiento, que acudiu con cincocentos homes á defensa de Pontevedra contra as incursións do pirata Francis Drake, que xa desembarcara en Vigo.

Até 1916 recibía simplemente o nome de Salvaterra, pero nese ano pasou a ser chamado Salvaterra de Miño para distinguilo doutros concellos de España (Salvatierra/Agurain en Araba e Salvatierra de Esca en Zaragoza).



O Castelo de Salvaterra de Miño

O **Castelo de Salvaterra** tamén é coñecido como **Castelo de dona Urraca**. Localízase nun outeiro ao pé do río Miño, fronte á vila portuguesa de Monção. Remóntanse as súas orixes aos séculos X e XI. Nel Dona Urraca dirixiu, aliada con Diego Xelmírez, o ataque contra a súa irmá Tareixa que se proclamara raíña de Portugal no 1121 e que, derrotada na Batalla de San Mamede. No 1479 Pedro Madruga defendeuse nel do exército enviado polo arcebispo Alonso II de Fonseca. Desde o ano 1643 ata 1659 pertenceu a Portugal, que proclamara a súa independencia o 1 de decembro de 1640, xa que García Sarmiento de Soutomaior, Conde de Salvaterra deixara a praza ao mando do portugués Gregorio Lopes de Puja. Este chamou ao conde de Castel-Melhor, Xoán Rodrigo de Vasconcelos e Souza, que ocupou a fortaleza, tras atravesar o Miño, o 15 de agosto de 1643.

Os portugueses reforzaron e melloraron as súas defensas construindo novos lenzos de murallas e reforzando os baluartes facendo del un castelo case inexpugnable. Por este motivo os españois preparáronse para ocupar Monção e rodearon o castelo coas fortificacións do Castelo de Santiago de Aitona, a de Fortaleza de Fillaboa e a atalaia de San Pablo de Porto.

Este complexo de fortificacións permitiu a ofensiva sobre Monção, coa axuda da artillería do castelo de Santiago de Aitona. Finalmente Monção foi ocupada o 7 de febreiro de 1659, polo que os portugueses tiveron que entregar Salvaterra completamente rodeada, que foi rendida dez días despois ao Marqués de Viana.

O castelo ocupa unha superficie de 9.700 metros cadrados conformados polo recinto amurallado coas súas garitas, a **Casa do Conde**, o **Pazo de Dona Urraca** e a **Capela da Virxe da Oliva**. Do século XII consérvanse as chamadas **Covas de Dona Urraca**, coa súa escaleira de caracol.

CXLVI

Dous días máis tarde partían Beltrán, Pedro, os seis soldados e o xuíz de Pontevedra en dirección á vila de Salvaterra, ocupada dous días antes polos señores de Ribadavia. Alvar, pese a non estar conforme polo que consideraba unha temeridade, non se opuxo á actuación do seu irmán.

—Pedro, ten en conta que teñen corenta cabaleiros armados, e ti levas seis.

—Non te preocupes, Alvar —sorriu Pedro con confianza—, non hei precisar de ningún.

O camiño ata Salvaterra duraba apenas un par de horas a trote. Cando chegaron á vila puideron ver que o ambiente estaba enrarecido. Numerosos homes de armas andaban polas rúas como se todo aquilo fose deles. Algúns bebían viño nas tabernas e outros charlaban de pé.

“Non esperan a nosa visita”, pensou Pedro mentres se adentraban na vila.

Segundo vían pasar aquela pequena comitiva, os cabaleiros dos Sarmiento ollábanos con estrañeza. Ao cabo duns minutos, Pedro chegou á casa do alcaide, onde sabía que atoparía o seu parente, Diego Pérez Sarmiento.

—Dille ao teu señor que está aquí Pedro Álvarez de Soutomaior, señor destas terras —dixo con tranquilidade Pedro, dirixíndose á sentinela que estaba na porta— e que nos acompaña o xuíz que representa o poder real.

A sentinela entrou na casa e volveu ao cabo duns intres coa instrución de deixalos entrar. Beltrán, Pedro e o xuíz seguirono ata o primeiro andar, onde os agardaba o señor de Ribadavia, que os recibiu cunha máis que evidente hostilidade.

—Que vos trae aos meus dominios, Pedro Álvarez? —preguntou con brusquidade.

—O cumprimento da lei que debe respectar todo cabaleiro, meu querido curmán —dixo Pedro transmitindo toda a desconsideración que foi capaz a través do ton da súa voz.

—O meu curmán é o único fillo lexítimo de Fernán Eannes. Chámanlle Alvar Páez, non Pedro Álvarez —respondeu ao insulto o Sarmiento mentres apretaba os puños.

Pedro agardaba aquela agresión, e respondeu cun sorriso de desprezo.

—Veño advertirvos en presenza do xuíz que, se non abandonades Salvaterra en dúas horas, exactamente ao mediodía, verémonos na obriga de expulsarvos pola forza —dixo sen deixar de sorrir—. En concreto, Diego, a vos estarei encantado de botarvos a patadas no cu.

Sarmiento ergueuse da cadeira coma un resorte, cos dentes apretados, pero Pedro non se moveu. Seguiu mirando fixamente mentres o seu sorriso pasaba, pouco a pouco, de burlón a tenso como o aceiro. (...)

—Cheguemos a un acordo! O xuíz pode dar fe do que acordemos!

Pedro sorriu para si. Afeito ás duras negociacións que presenciara xunto a Robert de Gwened, ás batallas nas que participara sendo un cativo e á terrible vida que levaban os homes do mar, aquel asunto semellaba un xogo para el.

Ao cabo duns intres, o xuíz mediaba na conversa tratando de que chegasen a un pacto pacífico. (...)

—Señores, dende a miña posición non podo negar que ambos tedes parte de razón – os dous nobres o miraron—. Xa que logo, semella pertinente que se adopte unha solución salomónica. Estando a vila de Salvaterra equidistante das vosas casas, e sendo o obxecto do preito as terras limítrofes entre os vosos señoríos, por que non o solucionades mediante unha acción concreta?

—Explicádevos, xuíz –solicitou Pedro.

—Propóñovos que, como solución menos mala e tratando de evitar un enfrontamento armado, saíades cada un da vosa fortaleza ao amencer en dirección ao outro e que establezades o límite dos vosos territorios no lugar exacto no que vos atopedes.

Pedro e Diego ficaron en silencio por varios minutos. Mentres o Sarmiento trataba de facer unha composición mental de camiños e distancias imaxinando as opcións que tiña de chegar a Salvaterra antes ca o seu rival, na cabeza de Pedro foise formando unha idea que o fixo sorrir por dentro.

—Eu estou de acordo –dixo con seguridade.

Diego Pérez mirouno, dubitativo. A insolente mirada que Pedro lle devolveu fíxolle lembrar os sesenta cabaleiros que o Soutomaior dicía ter agardando a uns minutos de alí. Confiando na súa velocidade e sabendo que aquel acordo había ser, de calquera xeito, beneficioso para a súa familia, tamén aceptou.

—Este é o trato, entón –dixo Pedro ofrecéndolle a man a Diego—. Mañá ao canto do galo sairemos do castelo de Soutomaior e vos farédelo da fortaleza de Ribadavia, en direccións contrapostas polo camiño principal. O lugar onde nos atopemos será considerado o límite das nosas respectivas posesións.

—Sexa. (...)

—Homes de Soutomaior! Os inimigos da nosa casa atácanos pensando que somos febles! –os homes mirárono con suspicacia, pensando que eses inimigos non ían moi desencamiñados—. Pero ímoslles amosar que o poderío que acadamos grazas a Fernán Eannes segue vivo! (...)

—Non temades! –prosegiu Pedro—. Non entraremos en batalla. Tan só necesito que esteades ao meu lado con afouteza e seguridade. Non podemos perpermitir nin unha soa vacilación, nin un só xesto de temor. A valentía será a nosa única arma. (...)

Nese momento escoitaron ruído fora das murallas. Un grupo de cabaleiros e infantés, segundo parecía bastante numeroso, achegábase ao castelo. (...)

—Chegarán cincuenta homes? Non dei xuntado máis.

—Chegarán e sobrarán, meu amigo. Tan só precisamos unha cousa: temos que partir, como máximo, dentro dunha hora.

—Partir, meu señor? –preguntou sorprendido Beltrán, sen comprender nada—. O acordo cos Sarmiento indicaba que ambos saíades dos vosos castelos ao amencer.

—Ao canto do galo, meu querido Beltrán –respondeu Pedro cun sorriso– E algo me di que todos imos escoitar cantar un galo en canto os nosos amigos repoñan forzas. (...)

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 596-604.

CXLVIII

O castelo dos Sarmiento atopábase no alto da vila de Ribadavia, unha cidade próspera rodeada de viñedos e poboada por comerciantes sefardís que se enriquecían grazas ao comercio co viño do Ribeiro, o mellor do mundo. (...)

Uns minutos antes do amencer, cando xa comezaba a clarexar pola parte do abrente, un adormecido Diego Pérez ultimaba os preparativos para partir en canto asomase o primeiro raio de sol. Desta vez acompañaríanlo cincuenta soldados, a práctica totalidade da súa milicia. (...)

—Abride as portas! Cabaleiros, a galope tendido! —e todos se prepararon para seguilo no que prevían que sería unha carreira frenética polos camiños que se dirixían a Salvaterra.

Pero as súas previsións esvaéronse en canto atravesaron as portas da fortaleza. Xusto alí fóra, ocupando todo o camiño e en perfecta formación bélica, atopáronse cun exército que duplicaba os seus efectivos.

No medio e medio, en primeira fila, cun sorriso cheo de insolencia estaba Pedro Álvarez de Soutomaior.

—Que burla é esta, cabaleiro? —bradou Diego Pérez tras deter con brusquidade o seu cabalo, entre indignado e intimidado por aquela inesperada exhibición de poderío militar por parte do seu rival.

—Burla? —respondeu Pedro con retranca—. A única burla que vin nos últimos días foi aquela mediante a que pretendestes arrebatarnos o que é noso, curmán.

—Tiñamos un acordo —argumentou o Sarmiento—. É que non tedes honra? O xuíz é testemuña do voso compromiso. Ambos partiríamos ao amencer dos nosos castelos, e o lugar onde nos atopásemos...

—Ao amencer? —interrompeu Pedro— Cabaleiro, pactamos partir ao canto do galo. E asegúrovos que estes cen homes que me acompañan escoitaron cantar un xusto antes de que abandonáramos Soutomaior.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 605-606

Punto 15 - San Domingos de Tui



A **igreja e o Convento de San Domingos** son obra dos dominicos, establecidos nese lugar desde 1328. O convento foi construído fóra do recinto amurallado medieval, pero logo da edificación das novas murallas no século XVII quedou integrado dentro das defensas. Cóntase que estas obras puideron ser custeadas pola familia dos Soutomaior.



Actualmente pouco se conserva da configuración primitiva do convento. Inicialmente posuía un claustro gótico, desmontado a finais do século XVI para realizar un novo. A igrexa é de estilo gótico modificada en época barroca. Nun principio estaba cuberta por madeira. As bóvedas actuais datan de 1728, época na que se construíu a actual torre e fachadas barroca. Destaca a portada lateral gótica cun tímpano moi erosionado que representa a adoración dos Reis Magos, así como as ábsidas que amosan a mesma arquitectura orixinal. No interior destacan os retablos, o Maior coñecido como a Batalla de Lepanto. A escaleira de caracol é de forxa. Levouse a cabo unha restauración dos retablos laterais da cabeceira, e unha escavación arqueolóxica no patio interior, onde se localizaron os restos do antigo claustro gótico.



Texto 30

ILXXXIX

—Así pois, certifico que conforme a lei –grallaba mentres ollaba a todos os presentes –conmútase a pena de morte do condeado Pedro de Zúñiga por un confinamento perpetuo como home de Deus no mosteiro de San Domingos, en Tui. Ademais, a propiedade coñecida como casa de Brañas, no lugar de Portosanto, é entregada voluntariamente

polo reo aos herdeiros do falecido en concepto de compensación económica. Cabe facer constar que ata o de agora a familia Ovar gozaba desa casa en usufruto por sentenza xudicial.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p.

Texto 31
XCIII

—A vida aquí é bastante monótona —dixo Pedro —todos os días son iguais: rezar, comer, e durmir. A iso se adica esta xente. De todos modos, menos polo que boto en falta o adestramento e o mar, non me queixo... salvo porque dende que estou aquí metido a miña cabeza non para de dar voltas.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p.

Texto 32
CII

Pedriño levaba xa cinco anos recluído entre relixiosos cando chegou o día no que ía ser nomeado coengo da catedral de Tui. Como calquera mozo de quince anos que estivese a cursar estudos canónicos, vestía decotío hábitos de frade e participaba activamente na vida monacal.

Moitas cousas cambiaran para el nese tempo. Non volvera ter novas de Robert de Gwened nin de ningunha outra persoa coñecida por el agás Cristovo, que adoitaba visitalo un par de veces ao ano e que lle traía novas dos seus irmáns pequenos que medraban en Portosanto, da súa amiga Evinha e do resto dos veciños.

Frei Estevo era un home estrito e cun firme sentido do deber. Ao principio fora moi ríxido respecto ás condicións de vida que podía levar o rapaz, xa que non podía esquecer que fora alí recluído a causa do asasinato dun home. Pero unha vez que comprobou "que, lonxe da influencia do señor de Gwened o rapaz era sensato, o vello frade foi relaxando a súa vixilancia e permitíndolle ao cativo, pasiño a pasiño, algunhas licenzas.

"Sempre que cumpras cos teus deberes eclesiásticos e non me deas desgustos", díxerlle en varias ocasións.

En efecto, Pedro de Soutomaior, quen antes se chamara de Zúñiga, era un extraordinario estudante de dereito canónico que, grazas aos seus coñecementos en linguas antigas e á súa prodixiosa capacidade intelectual, fora anticipando etapas na formación que ese mesmo día ía rematar.

Chegar a coengo aos quince anos era froito de dúas condicións imprescindibles: ser de familia nobre e ter un gran talento.

Respecto á familia, todos sabían que era o fillo do gran Fernán Eannes, e malia que o actual conde, o seu medio irmán Alvar Páez, non quixera saber "nada del ata o momento, o avoengo do mozo era, con moita diferenza, o máis distinguido non só de todo o mosteiro, se non de todo Tui.

No que atinxía ao seu talento, os monxes da congregación estaban asombrados. Nunca viran diante un rapaz con tantos coñecementos e, sobre todo, coa claridade mental coa que Pedriño levaba a cabo os seus razoamentos.

Consciente da perigosidade dalgunhas cousas que aprendera xunto a Robert e Yehuda, o cativo nunca falaba do prohibido. Sabía que había grandes sabios que non podían ser nin mencionados alí, razoamentos que non debían ser expostos e libros dos que non se podía falar. Para el iso non supoñía un problema: se os frades querían que dixese que a terra era plana, Pedro de Soutomaior habíao dicir alto e claro.

O auténtico coñecemento gardaríao, de momento, para si.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, p.

Punto 16 - Baiona



A chegada da carabela *La Pinta* a Baiona cambiou o futuro desta vila e do mundo enteiro. O primeiro día de marzo de 1493 *La Pinta* atracaba neste porto galego. Concluía así a maior xesta mariñeira de todos os tempos e quizais o feito máis importante ocorrido en España na Idade Media. A nave, baixo o mando de **Martín Alonso Pinzón** e pilotada polo pontevedrés **Cristovo García Sarmiento** era a primeira en regresar de América das tres que partiran con Cristóbal Colón. Plantas, animais e indíxenas chegaron por vez primeira ao Vello Continente (viñeron tres indios, un deles morreu ao pouco da arribada e foi enterrado no cemiterio ao pé da muralla do Monte Boi). Galicia convertíase así no primeiro país de Europa que coñecía a existencia do Novo Mundo e Baiona no principal porto da ría de Vigo. *La Pinta* permaneceu no pobo durante dez días, tempo no que se converteu en centro de atención de toda a coroa. Os Reis Católicos recoñeceron o gran servizo prestado a Castela por Baiona e outorgaron ao poboo privilexios, franquías e inmunidades⁵.

Foi construída polos carpinteiros de ribeira de Palos de la Frontera e era propiedade de Cristóbal Quintero e Gómez Rascón, veciños daquela vila, a quen lles foi incautada. O seu nome parece deberse a que pertencese anteriormente á familia Pinto, tamén de Palos. *La Pinta* era a máis velera das tres naves colombinas e con frecuencia tiña que esperar ás outras dúas durante a histórica viaxe, debido tamén aos dotes do capitán Pinzón. O día 8 de outubro, en loita por chegar os primeiros a descubrir as novas terras, alcanzou unha

⁵ O capítulo completo e máis singularidades de Galicia, no libro *Galicia en cen prodixios*, de Henrique Alvarellos, Edicións Xerais, 2004.

velocidade de 15 millas por hora (12 millas/hora actuais), superior á que pode alcanzar hoxe un mercante de vapor medio.

Texto 33

CCXXIV

-Como ben sabes, Paio, tras pechar o tratado de Alcáçovas, Castela apenas ten opcións por mar –seguiu Pedro– e o que eu lles propuxen aos reis é, en realidade, o único proxecto que lles queda para buscar a expansión mediante a exploración marítima na que Portugal xa é unha potencia mundial. De feito, tras as excesivas cesións que Isabel e Fernando fixeron nese asunto ao rei Afonso a cambio de lograr a coroa, comprenderon que a miña proposta era a única oportunidade que lles queda para emendar esa nefasta negociación.

-É dicir, ou se logra atopar novas terras en dirección a occidente, ou Castela xa nunca poderá expandirse, como está a facer Portugal –puntualizou García–. Por iso a proposta de Pedro, o mellor navegante entre todos os almirantes casteláns, foi irrexitable para a raíña.

(...)

-Pero todo o que fagas con esta nova identidade xa non será como un Soutomaior, non? –observou–. Quero dicir, será ese Cristóbal Colón o que leve a gloria...

Pedro cavilou durante uns intres antes de responder.

-Como dixer, todo o que eu poida lograr nesta vida será portando o orgulloso nome de Soutomaior, meu amigo –dixo–. Pese a que hoxe me vexo na obriga de ocultar a miña auténtica identidade e aparentar que son un comerciante estranxeiro, as miñas pegadas serán visibles aos ollos dos que saiban mirar. O meu compromiso cos reis é firme, e estou certo incluso de que me habían facer matar e desaparecer das páxinas da Historia se o incumpro, pero sempre haberá pistas recoñecibles nos meus actos para quen recoñeza, co afán de estender a luz sobre as tebras, a man firme de Pedro Fernández Eannes, señor de Soutomaior.

(...)

-As negociacións están a ser duras, meu amigo –dixo García–. En principio Pedro solicitou unha frota de dez naves, pero o custe de tal proxecto xa fixo que os reis o rexeitasen de inicio. Eles propoñen que vaia nun só barco, pero eu coido que finalmente lograremos que financien cando menos tres.

-Unha delas xa a teño apalabrada co seu propietario, Xoan da Coxa –observou Pedro.

-Xoan? –preguntou Veloso, sorprendido –O mozo que dirixe o estaleiro da Moureira?

-Ten un barco magnífico, construído alí mesmo. É unha soberbia nao á que coñecen en todos os portos de Castela como La Gallega –confirmou Pedro–. Xa lle cambiamos o nome, pois ese non lles gusta aos reis. Puxémoslle a Santa María.

Pedro escollera ese nome xunto co seu amigo Xoán en lembranza daquel día afastado no que unha rapariga saíra como arte de maxia dos tellados da igrexiña de Santa María de Pontevedra para salvarlle a vida. Xoan da Coxa, coñecido en toda Castela como Juan de la Cossa, gostara da idea, pois a igrexa atopábase xusto enriba do estaleiro onde fora construído o navío.

-Tamén estamos en conversas cos Niño, unha familia de armadores de Moguer – seguiu Pedro–. Teñen unha carabela que nos pode servir e están moi interesados no noso proxecto. (...)

-Meu querido Paio –falou devagar–, xa che dixeran que os meus actos foron sempre guiados polo xuramento que un día lle fixen ao meu pai: adicaría toda a miña vida a tratar de engrandecer a gloria da casa de Soutomaior. Pois ben, no caso de que a miña empresa teña éxito, quero que a Historia recorde que foron as terras do meu condado as primeiras que tiveron coñecemento deste descubrimento que, ou moito me equivoco, ou ha cambiar para sempre o mundo tal e como o coñecemos. Ti agarda en Baiona a chegada dunha carabela coa cruz de Rodas bordada nas velas, pois alí a enviarei como primeira emisaria da boa nova. Eu, pola miña parte, dirixireime a Lisboa a bordo da nao capitá, pois quero que sexa a miña esposa a primeira persoa a quen eu llo comunique en persoa. Xa teremos tempo despois de arranxar os nosos asuntos cos reis de Castela.

O silencio invadiu aquela estancia do pazo ducal de Alba de Tormes tras as palabras de Pedro.

Rodrigo COSTOYA SANTOS, *Portosanto*, pp. 864-868.

- Misarela

Porque alí onde queimen libros, rematarán por queimar persoas.

Enlazando coa segundo novela da triloxía, *Misarela*.

Texto 34

Pedro e Gwened chegan a Toledo. Alí, o mestre lévao a coñecer unha biblioteca secreta que custodia Yehuda, fillo de Ezra e mentor de Luis de Ligunde. Xa na biblioteca subterránea, Gwened revélalle parte dos segredos que gardan os libros prohibidos.

Pedriño escoitaba. Aquela era unha parte da historia persoal de Robert que o cabaleiro non lle quixera contar ata entón. O rapaz fixouse en que Yehuda levaba tamén na roupa bordada a mesma cruz en forma de aspa que o seu mestre levaba no peito, pero máis pequeniña e sobre o corazón.

—Aproveita que imos falar das nosas cousas para coñecer esta biblioteca, Pedro. Tratarei de que nos próximos días, mentres os homes do conde e máis eu esteamos ocupados co rei, ti poidas vir aquí. Yehuda ensinarache os segredos máis recónditos dos libros prohibidos. El é o herdeiro do legado da escola de tradutores de Toledo, o maior grupo de eruditos de diferentes culturas traballando unidos que coñeceu ata o día de hoxe a Humanidade. O rapaz colleu un candil e comezou a mirar os libros que enchían aquela cámara subterránea. Tratados de astronomía, de medicina e de xeometría. Avicena, Averroes, Pitágoras. Algúns xa os coñecía da biblioteca persoal do señor de Gwened, que á vista daquela semellaba minúscula. Absorto e sen decatarse do paso do tempo, estivo varias horas explorando aquel pequeno universo mentres os dous guerreiros parolaban sobre a expansión otomá, a illa de Rodas e a navegación por mares lonxanos.

Texto 35

Pedro e o seu mestre diríxense ao castelo de Soutomaior, dende a súa casa en Pontevedra, para se atoparen con Fernán Eannes. No traxecto Pedriño interésase polas orixes do señor de Gwened, e este explícalle que os seus devanceiros, en verdade, son os mesmos

—Mestre, no mapa do mundo que me ensinastes... —non sabía como facer a pregunta —esquecín preguntar onde está a vosa terra.

—A terra onde eu nacín? Refíreste a iso? —preguntou Robert.

Pedro asentiu con timidez por medo a ser indiscreto, pero o cabaleiro comezou a responder sen reparo ningún.

—Eu nacín na vella Armórica, noutro dos confíns do mundo, igual ca este que hoxe habitamos. A miña terra atópase a seis ou sete días de singradura dende Pontevedra, en dirección ao Nordés unha vez que dobras o cabo de Fisterra. É curioso, xa que tamén temos alí un lugar chamado Fisterra —aí, Pedro mirouno sorprendido—. Dende moi antigo aquilo, igual ca esta túa terra, foi considerado a fin do mundo.

Pedro lembrou cos ollos pechados o planisferio que o mestre gardaba na cámara. En efecto, tanto Galicia como a Armórica estaban situadas nos extremos do mundo, e máis alá só había un océano poboado de monstros mariños chamado *Mar das Tebras*.

Xa só as tempestades visitan os cumios esgrevios da vella Misarela. Ao pequeno eremitorio chega un día un perigoso cargamento que foxe dun destino tráxico.

